

# ELECCIÓN XUNTA DE PDI

## 10 DE XUÑO DE 2015

### PROPOSTAS SOBRE DEREITOS LABORAIS

Ao igual que aconteceu coas retribucións nos últimos anos o PDI sufriu una perda de dereitos laborais. O ataque mais grave, pois está relacionado con cuestións de saúde, foi a redución da prestación por incapacidade laboral transitoria aprobada no ano 2012, pola que (con certas excepcións como hospitalización ou accidente de traballo) se deixa de percibir o 100% das retribucións nos primeiros 21 días de baixa laboral. Dende a AGPTU asumimos o compromiso de presionar para recuperar ese dereito perdido, pero tamén a loitar por algo que non temos e consideramos mais importante: a equiparación co persoal laboral no relativo ás baixas de longa duración (mais de tres meses), nas que o persoal funcionario sofre a partires do día 90 de incapacidade unha importante redución nas súas retribucións, mentres que o persoal laboral continúa recibindo o 100% ata cumprir os 18 meses de incapacidade. Este será, xa que logo, o noso principal cabalo de batalla para este novo período.

En segundo lugar, houbo tamén un recorte de dereitos laborais relacionado cos permisos e vacacións. Referímonos á redución de días por asuntos propios (os chamados moscosos) e a supresión dos días de vacacións por antigüidade (tamén coñecidos como canosos). Tocante aos primeiros, houbo una recuperación de parte do perdido, non así para os segundos. E de novo temos o agravio comparativo entre distintos colectivos da Universidade pois, como a AGPTU indicou en escrito entregado na Mesa de Negociación, convenios que afectan a outros colectivos da Universidade permiten o goce de días a maiores dos legalmente establecidos, por vacacións de Nadal ou Semana Santa, por conciliación da vida familiar e laboral, etc., que en conxunto supoñen oito días mais de permiso retribuído. Obviamente, ratificámonos na petición que fixemos no seu día por escrito ante a Mesa de Negociación, e continuaremos coa teima de igualar os nosos dereitos cos do colectivo mais favorecido.

Rematamos este último escrito cunha breve reflexión para pedir o voso voto. Votar AGPTU é votar por un sindicato formado por persoas de diferentes ideoloxías, comprometidos dende hai xa doce anos coa Universidade de Vigo (de feito é a única Universidade na que temos presenza como organización sindical). Dende o respecto ao resto de candidaturas, queremos salientar que non somos a sucursal para a Universidade de Vigo de ningún sindicato de ámbito autonómico ou estatal, o que nos convirte en absolutamente INDEPENDENTES. A nosa independencia vese reforzada porque non aceptamos nin recibimos subvencións de ningún organismo ou entidade para o noso funcionamento como sindicato. Un sindicato con EXPERIENCIA, CRÍTICO e disposto a traballar na elaboración de PROPOSTAS CONSTRUTIVAS E OBXECTIVAS.

Pedímosvos que vaiades a votar, a participación é esencial para ser representativos.

### A NOSA CANDIDATURA Á XUNTA DE PDI:

1. *Pedro Pablo Gallego Veigas (F. Bioloxía)*
2. *Generosa Fernández Manín (E.E. Telecomunicación)*
3. *J. Nicanor Alonso Álvarez (F.C.C. Económicas e Empresariais)*
4. *Marta María Cabeza Simó (E.T.S.E Minas)*
5. *Leandro Rodríguez Liñares (E.S.E. Informática, OU)*
6. *Natividad Calvo Ruibal (E.E. Telecomunicación)*
7. *Mohamed Boutinguiza Larosi (E.E. Industrial)*
8. *Marta Pérez Rodríguez (E.S.E. Informática, OU)*
9. *José Luis González Cespón (E.E. Industrial)*
10. *Mª José Moure Rodríguez (E.E. Telecomunicación)*
11. *Leandro Alejano Monge (E.T.S.E. Minas)*
12. *Edita de Lorenzo Rodríguez (E.E. Telecomunicación)*
13. *José Mª Martín Moreno (F. C.C. Económicas e Empresariais)*
14. *Concepción Pérez Lamela (F. Ciencias, OU)*
15. *Ricardo A. Mosquera Castro (F. Química)*
16. *Mª Julia Cristóbal Ortega (E.E. Industrial)*
17. *Emilio Rolán Álvarez (F. Bioloxía)*
18. *Adolfo Cordero Rivera (E.E. Forestal, PO)*
19. *Belén Rubio Armesto (F. Ciencias del Mar)*
20. *Juan José Rodríguez Andina (E.E. Industrial)*
21. *María Vera Isasa (E.E. Telecomunicación)*

### AGPTU – GALICIA

<http://webs.uvigo.es/agptu>

contacto: [agptu@uvigo.es](mailto:agptu@uvigo.es)